

## Convocatoria de prensa

# Fillas de Cassandra presentan a exposición 'TERTÚLIA: doce cancións, doce cadeiras'

**Fundación Eugenio Granell (Santiago de Compostela)**  
**Martes 7 de abril, ás 11:00 horas**

**O dúo vigués dará a coñecer aos medios de comunicación o seu novo álbum a través dunha instalación escultórica que o público poderá visitar na tarde do martes 7 e ao longo do mércores 8**

**O acto inclúe unha pequena actuación e, ao remate, haberá un pequeno almorzo e as artistas atenderán aos medios presentes**

**Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026.-** Fillas de Cassandra presentarán este martes, 7 de abril, a **exposición 'TERTÚLIA: doce cancións, doce cadeiras'**. Trátase dunha **experiencia única de preescoita** do seu novo disco, que verá a luz nas plataformas dixitais o 24 de abril.

'TERTÚLIA: doce cancións, doce cadeiras' agroma da portada do novo disco de Fillas de Cassandra. Trátase dunha imaxe poderosa ideada por María SOA e Sara Faro en colaboración coa fotógrafa Arancha Brandón, a deseñadora Kika V. Ramil e o colectivo escenográfico As dúas e punto. Protagonizada por doce cadeiras dispostas en círculo, **a obra explora que forma, textura ou cor terían as cancións de Tertúlia se fosen obxectos.**

Así, a Fundación Granell acollerá os días 7 e 8 de abril unha instalación aberta ao público na que **as doce cadeiras da portada** se transforman nun dispositivo no que a canción toma forma: cada unha delas, correspondente a un tema do disco, deixa de ser un simple moble para converterse nunha mensaxe en si mesma.

Ao igual que as letras de 'Tertúlia', estas pezas non perseguen a compracencia nin a comodidade neutral do mobiliario urbano. Polo contrario, toman partido e interpelan a quen as mira; algunhas son refuxio que acolle e protexe, mentres outras, na súa crueza, incomodan ou expulsan, obrigando a quen escoita a situarse fronte á obra.

A elección da cadeira como protagonista da portada e como símbolo non é casual: remite ás sobremesas infinitas e ás mulleres que sacaban o asento á rúa para saír á fresca, conversar e converter o espazo público nun lugar de transmisión oral, unha das ideas centrais que atravesa o disco.

A presentación á prensa terá lugar na mañá deste **martes 7, a partir das 11:00 horas, na Fundación Granell**. As e os asistentes poderán escoitar por primeira vez o disco e conversar, de xeito distendido, coas artistas, que tamén ofrecerán unha pequena actuación ao vivo.

**Haberá un pequeno almorzo, polo que se prega confirmación de asistencia e informar previamente das posibles intolerancias ou alerxias para que todas as asistentes poidan participar desta singular *tertulia*.**

## **PRESENTACIÓN 'TERTULIA: DOCE CANCIÓNS, DOCE CADEIRAS'**

**Martes 7 de abril de 2026**

**11:00 horas**

**Fundación Eugenio Granell (Praza do Toural, 8. Santiago de Compostela)**

Duración aprox.: 60 minutos (inclúe unha pequena actuación do dúo)

Presentación da exposición e experiencia de preescoita do novo disco de Fillas de Cassandra, que se publicará nas plataformas dixitais o 24 de abril. Ao finalizar o acto, as artistas conversarán de xeito distendido coas asistentes e ofrecerán declaracións aos medios de comunicación presentes até as 14:00 horas.

\* **IMPORTANTE:** Os medios interesados en manter unha conversa en profundidade e presencial con María e Sara, poderán acordar unha entrevista co equipo de prensa de Tremendo Audiovisual para a tarde do martes 7 ou na mañá do mércores 8 \*

### **HORARIO DE APERTURA DA EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Martes 7, de 17:00 a 20:00 horas

Mércores 8, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas

**Kit de prensa 'Tertulia'** [https://cutt.ly/presskit\\_fdc\\_tertulia](https://cutt.ly/presskit_fdc_tertulia)

**Contacto de prensa Fillas de Cassandra**

Lucía Pita | 675 404 321 | [lucia@tremendoaudiovisual.com](mailto:lucia@tremendoaudiovisual.com)